

# Manifesto Global contra as patentes sobre sementes e animais convencionais

**Carta conxunta dirixida:**

*á Sala de Recurso Ampliada da Oficina Europea de Patentes*

*ós/ás Representantes de Goberno*

*ás Xuntas Executivas das empresas agrarias*

## **Non ás patentes relativas a sementes convencionais e animais**

Durante varios anos, en todo o mundo foron concedidas patentes sobre sementes xeneticamente modificadas e sobre animais. Coñécese moi ben o impacto daniño que ten este fenómeno sobre os labregos e labregas, quenes se ven privados/as do seu dereito a gardar as súas sementes, e non poden utilizar máis as sementes patentadas para futuros cultivos.

En Canadá e en Estados Unidos, por exemplo, a empresa de sementes multinacional Monsanto demandou a numerosos campesiños por presuntas violacións de patentes<sup>1</sup>.

En Europa, esta mesma empresa tamén presentou demandas contra importadores de produtores de soia arxentinos, aínda que Monsanto non posúe a patente pertinente en Arxentina<sup>2</sup>. É máis, a posibilidade de patentar sementes fomentou unha alta concentración do mercado, con **tan só 10 empresas multinacionais que controlan ao redor da metade do mercado internacional de sementes.**

Moitas organizacións de labreg@s e ONG's do mundo enteiro están a combater estas patentes. Debido a que aínda non se están cultivando os organismos xeneticamente modificados (GMO, a súa sigla en inglés) na maioría dos países, ou tan só estanse utilizando nunha pequena cantidade de cultivos, aínda non todo o mundo está a sentir o impacto negativo que teñen estas patentes.

Con todo, existe unha nova tendencia alarmante, porque **as patentes xa non están a ser esixidas exclusivamente en relación cos GMO** (como, p.ex., a soia "Round-up ready") **senón tamén en relación con plantas convencionais.**

Por exemplo, esíxese patente á soia cunha mellor calidade de aceite<sup>3</sup> que cobre partes do xenoma da planta cando se utiliza para o cultivo convencional e ás tecnoloxías para mellorar o cultivo tradicional (como o cultivo asistido por marcadores).

Un dos exemplos máis ameazadores neste contexto son as solicitudes de

patente de Syngenta, o cal reivindica inmensas partes do xenoma do arroz<sup>4</sup> e da súa utilización en calquera cultivo que teña unha información xenómica similar á do arroz (como o millo e o trigo).

A Oficina Europea de Patentes concedeu tamén unha patente sobre plantas compostas, resistentes a pulgóns, baseada en cultivos asistidos por marcadores.<sup>5</sup>

Outras recentes solicitudes de patente de Monsanto sobre porcos están tamén relacionadas cos métodos de cría normais,<sup>6</sup> o que é un indicio do incremento do perigo de que as empresas multinacionais tenten monopolizar toda clase de recursos agro-xenéticos a escala global.

En breve, a Sala de Recurso Ampliada da Oficina Europea de Patentes decidirá sobre outra patente deste tipo, para un método de aumentar un composto específico en especies Brassica. Esta decisión determinará a posibilidade de patentar sementes convencionais en Europa.

Mentres que en Estados Unidos as patentes sobre variedades de plantas convencionais pertencen á práctica normal, moitos outros países, especialmente os países en vías de desenvolvemento, non conceden patentes sobre plantas ou animais.

Pero a historia recente móstranos que os estándares definidos e utilizados polas Oficinas de Patentes europeas, xaponesas e de Estados Unidos exercen influencia sobre regulacións internacionais (o acordo da OMC sobre os Aspectos dos Dereitos de Propiedade Intelectual relacionados co Comercio, os TRIPS, a súa sigla en inglés, e a Organización Mundial da Propiedade Intelectual, OMPI).

As oficinas de patentes do mundo enteiro están obrigadas a adaptar as súas regulacións e as súas prácticas, xa sexa a través das regulacións internacionais ou mediante os acordos bilaterais. India, por exemplo, acaba de adoptar unha terceira emenda ás patentes para adaptar a súa lei ás regulacións dos TRIPS.

Esta nova tendencia aterradora na política de patentes afectará a moitos máis labregos e labregas que o que o fixeron as patentes sobre GMO. **Calquera dereito que aínda quede aos labregos/as e o acceso a sementar variedades e criar animais con fins de reprodución desaparecerán en todos lados.**

Estas patentes destruírán o sistema de dereitos dos labregos e labregas, que demostraron ser de esencial importancia para a soberanía alimentaria e para a preservación da biodiversidade na agricultura. A gran maioría dos labregos e labregas dos países en vías de desenvolvemento son pequenos produtores que dependen integramente da posibilidade de gardar e de intercambiar as súas sementes.

Para asegurar a prolongación da existencia dunha agricultura, dun cultivo e

dunha cría de animais independentes e, por tanto, para garantir a seguridade alimentaria das futuras xeracións, nós, os labregos e labregas, investigadores/as, e organizacións da sociedade civil do mundo enteiro, que asinamos esta carta, reiteramos o noso **rexeitamento a calquera patente sobre a vida** e exhortamos aos políticos e ás oficinas de patentes a actuar de maneira rápida para deter, en especial, o outorgamento de calquera patente sobre plantas de cultivo e animais de cría convencionais, así como sobre secuencias de xenes para utilizar no cultivo e a cría convencionais.

Tamén exhortamos ás empresas a non presentar ningunha solicitude de patente desta índole.

1: <http://www.centerforfoodsafety.org/Monsantovsusfarmersreport.cfm>

2: Dende xaneiro de 2006, varias exportacións arxentinas de soia foron detenidas nos portos europeos debido a demandas presentadas por Monsanto contra produtores de soia por non ter pagado los dereitos de patente a Monsanto, dicindo que eles eran o titular dunha patente sobre a variedade de soia RR en Europa.

3: [WO 2004/006659](#) ; Monsanto reivindica una soia cunha mellor calidade de aceite derivada do cultivo convencional

4: [WO 03/027249](#) , resp. EP 1576163

5: [EP 921720](#) ; empresa Rijk Zwaan

6: [WO 2005/017204](#) , [WO 2005/015989](#) y [WO 2005/078133](#)